

# FERROL



## BANDO

---

ÁNGEL MATO ESCALONA, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

### FAI SABER:

Que ante a crise sanitaria provocada polo virus COVID-19 (Coronavirus) e o agravamento da situación na comarca de Ferrol, e tras das medidas adoptadas polo Ministerio de Sanidade e pola Xunta de Galicia, o Concello de Ferrol adopta as seguintes medidas preventivas que afectan aos servizos públicos, **dende o día 27 de outubro ata o 9 de novembro inclusive**. Ditas medidas adaptaranse á situación epidemiolóxica de cada momento e informaranse das variacións que se poidan producir respecto as mesmas en función das directrices que establezan as autoridades sanitarias competentes:

**Primeiro.** Procédese á suspensión das seguintes actividades deportivas:

Toda actividade deportiva federada e non federada nas instalacións deportivas suxeitas a autorizacións de uso demanial por parte de entidades deportivas do Concello de Ferrol.

Non se verán afectados pola presente regulación as seguintes actividades:

- Adestramentos de deportistas e equipos que participen en competicións oficiais de ámbito estatal de carácter profesional e non profesional.
- Adestramentos de deportistas e equipos que participen en competicións oficiais de ámbito autonómico con competicións xa programadas.

Así mesmo os encontros deportivos que deriven das obrigas dos clubs locais anteriormente citados, celebraranse a porta pechada. O Concello de Ferrol non autorizará ningún evento deportivo de interior ou exterior fóra das competicións de liga regular dos equipos locais.

As entidades non afectadas por esta regulación e que polo tanto poden adestrar nas diferentes instalacións deportivas municipais deberán poñerse en contacto coa Concellería de deportes, para poder regular o uso das instalacións durante este período, podendo sufrir algún tipo de variación nos horarios inicialmente autorizados por mor do cumprimento do toque de queda decretado pola autoridade estatal ou autonómica correspondente.

**Segundo.-** Suspensión de actividades culturais e de ocio:

Todas as actividades culturais e socioculturais organizadas polo Concello, ou por terceiros nas instalacións municipais, tales como obradoiros, cursos e similares. Asimesmo, recoméndase ás asociacións e entidades do Concello de Ferrol, que eviten as aglomeracións e os actos colectivos durante os vindeiros 15 días condicionado á evolución da enfermidade.

**Terceiro.-** Recoméndase á cidadanía realizar as xestións municipais por vía telemática ([www.ferrol.gal](http://www.ferrol.gal)) ou por teléfono (número 981944000).

**Cuarto: Recoméndase:**

- Non acudir a lugares que impliquen aglomeración de persoas, especialmente se se trata de sitios pechados e poñendo especial atención a colectivos vulnerables (persoas maiores, poboación infantil ou persoas con enfermidades crónicas)
- Seguir as instrucións ditadas polo Ministerio de Sanidade e a Consellería de Sanidade, e en caso de ter algún síntoma leve ou precisar información contactar co teléfono 900 400 116.
- Consultar fontes oficiais para informarse, como á páxina do Ministerio de Sanidade ([www.mscbs.gob.es](http://www.mscbs.gob.es)) e evitar a propagación de "bulos" ou informacións non contrastadas por redes sociais.
- Evitar viaxes e desprazamentos que non se consideren imprescindibles.

O Concello de Ferrol quere enviar unha mensaxe tranquilizadora á veciñanza e insistir que se sigan as instrucións das autoridades sanitarias.

**O Alcalde**

---

Concello de Ferrol

Plaza de Armas s/n, Ferrol. 15402 (A Coruña). Tfno. 981940000.

[www.ferrol.gal](http://www.ferrol.gal)